

Xeografía e Historia

Profesora: María José

3ºESO A E 3ºESOB

Actividades para a semana do 23 ao 27 de marzo

Ola a todas e todos!

Espero que levedes o mellor posible esta situación. Ata coido que botaredes de menos o instituto...seguro que si!

Temos que seguir mantendo ritmo de traballo:

O luns 23 de marzo deberíades ter feitos os comentarios das obras que vos indiquei.

Nesta semana imos traballar sobre os **documentos que van como materiais de apoio (1 e 2)**, xa vos pendurei o primeiro e hoxe acabo de facer un segundo. Imaxinade que estes materiais serían a explicación que eu daría na clase e que vos axudaría a completar o comentario. Non consiste en copialos!

Ben, na **clase de luns** teredes que lelos, buscar no dicionario as palabras que non entendades e subliñar o que vos parece mais importante.

Na **segunda e terceira horas lectivas da semana** deberedes responder no voso caderno as seguintes cuestións sobre eses materiais de apoio.

Cuestións:

- 1- Cales son os tipos de técnicas pictóricas e soportes que aparecen nas obras?
- 2 - Indica que obra tivo influencia noutra das que aparecen nos documentos.
- 3 - Bramante era arquitecto pero tivo influencia nunha pintura, en cal? Por que?
- 4 - Por que Michelangelo Buonarroti (Miguel Anxo) afirma que el non é pintor senón escultor? Relaciona esta afirmación coas súas esculturas que xa expliquei.
- 5 – Que diferenza hai entre a organización de figuras da bóveda da Sixtina e do “Xuízo Final”? Que coidas que puido influír niso?
- 6 – En escultura falábase de contraposto, hai algunha figura nestas obras pictóricas que o teña?

7 – Nalgunhas das obras búscase a individualización dos representados e a captación de diferentes estados de ánimo; en cales? Con que trazo cultural do Renacemento relacionarías isto?

8 – Busca o significado das seguintes palabras que aparecen nos textos: ***apaisado, púdica, estancia, temple, fresco, languidez, contraluz, escorzo, pontificio, maxistral, ardua.***

9- Aparece un pintor ao que denominan “Il Braguetone”. Quen é? por que tivo ese alcume?

10- En que obras escultóricas (xa explicadas) e pictóricas aparece a “terribilitá”?

11 – Que consideración ten o artista do Renacemento?

As consultas que teñades podedes envalas a: mjlagos65@gmail.com

Ánimo! xa queda menos!